

Proposta provisional de resolución das axudas para o libro galego, no que se refire á tradución para outras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego.

A Orde do 20 de abril de 2026 establece as bases reguladoras para a concesión das axudas para o libro galego, dirixidas á tradución para outras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (Código do procedemento CT221D, *DOG* Núm. 82, do 5 de maio de 2026).

De acordo co disposto no artigo 13 da orde da convocatoria a comisión de avaliación valorou os proxectos que cumpren os requisitos da convocatoria, tendo en conta os criterios establecidos no artigo 14 da orde, e elaborou unha listaxe coa puntuación outorgada a cada proxecto. Tendo en conta esta listaxe, o órgano instrutor formula unha proposta provisional de resolución coa puntuación outorgada a cada proxecto admitido, así como as causas que determinaron a exclusión das restantes solicitudes.

Quedan excluídas das axudas aqueles proxectos que, logo de aplicado o baremo, acaden unha puntuación inferior ao 50% do máximo total. A puntuación máxima que se pode acadar sumando os criterios recollidos no artigo 14 da orde de convocatoria é de 100 puntos.

Así mesmo, segundo establece o artigo 15 da orde de convocatoria, a dita proposta provisional farase pública na páxina web da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, <https://www.cultura.gal>. Nela expresaranse a puntuación proposta para cada proxecto admitido, así como as causas que determinaron a exclusión das restantes solicitudes. As editoriais disporán dun prazo de dez días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da data de publicación da proposta provisional, para formular as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta ante a Dirección Xeral de Cultura, Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, nos lugares e na forma indicados no artigo 7 da orde de convocatoria.

En todo caso, as editoriais que presenten alegacións enviaranlle un correo electrónico á Dirección Xeral de Cultura, Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, no seguinte enderezo: axudas-libro.cultura@xunta.gal, no cal indicarán o día en que presentaron a alegación e o motivo desta.

Santiago de Compostela (na data da sinatura electrónica)

Subdirectora xeral de Bibliotecas e do Libro

Cristina Rubal González

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro
Servizo do Libro e Publicacións
Cidade da Cultura. Monte Gaiás s/n
15707 Santiago de Compostela





Proxectos admitidos

Título proxecto	Editorial	Total de puntos
A sombra dos pavillóns	Editorial Guiverny, S.L.	64
O asasino estrábico	Editorial Guiverny, S.L.	59
A parte fácil	Mateus Oliveira Melo (selo laika Edições)	46
Memorias dun neno labrego	Minato no Hito, sociedade limitada	70
Illa de sangue	Merlín comunicación SL	61
A ponte	Instituto para el desarrollo educativo y cultural SL	50
Contos de Asieumedre	Instituto para el desarrollo educativo y cultural SL	50
Mareiras	Instituto para el desarrollo educativo y cultural SL	50
Minia	Instituto para el desarrollo educativo y cultural SL	50
Diario 1921	Textus Associazione Culturale	69
Narrativa completa Alfonso Rodríguez	Textus Associazione Culturale	57
Os biosbardos	Textus Associazione Culturale	69
Xente ao lonxe	Textus Associazione Culturale	57
Poesía reunida	Textus Associazione Culturale	79
Bretaña, Esmeraldina	Textus Associazione Culturale	57





Proxectos excluídos

Título proxecto	Editorial	Total de puntos	Motivo de exclusión
Punto de araña	Verlag C.H.Beck GmbH & Co. KG	--	Pendente de emendar, requirimento efectuado segundo o artigo 12 da orde do 21 de abril de 2026 e o artigo 68 da Ley 39/2015.
Sobrevives?	Hohe Publisher	--	Pendente de emendar, requirimento efectuado segundo o artigo 12 da orde do 21 de abril de 2026 e o artigo 68 da Ley 39/2015.

